



C O N C E L L O  
D E  
**A B E G O N D O**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

## MEMORIA XUSTIFICATIVA

**ASUNTO:** Reparación de camiños na parroquias de Cabana e Sarandos

**PLAN:** POS + 2018

**PROCEDEMENTO:** Contratación por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación.

**Código do proxecto:** 18.2000.0103.0

**Número expediente:** 2019/C003/000012

### 1.-Introducción.

Este concello ten a necesidade de realizar as obras de “ **Reparación de camiños na parroquia de Cabanas - Sarandos**” que de conformidade co artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, estas deben ser determinadas con precisión antes de iniciar o procedemento encamiñado para a súa adxudicación.

### 2.- Obxecto do contrato e competencia municipal

De acordo co artigo 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia o concello ten competencias para realizar infraestruturas e outros equipamentos da súa titularidade.

O concello esta capacitado e cumpre con este proxecto coa normativa esixible.

As necesidades a satisfacer no presente contrato son as establecidas no proxecto redactado polo arquitecto técnico do concello sr. Rivera , denominado “ **Reparación de camiños na parroquia de Cabanas - Sarandos**” consistente en:

- Camiño de O Patarelo a Quintan, Cabanas (AB-0912)

Procederase a limpeza de cunetas por ambas marxes e ao varrido da superficie do mesmo, para logo facer un rebacheo e achega de macadam nos laterais e sobre o camiño existente aplicarase aglomerado asfáltico aproveitando o máximo a súa sección, reponendo a cota rexistros e servidumes existentes, segundo o orzamento descrito.

- Camiño en Aquelabanda, Sarandos ( AB-0750)

Procederase a limpeza de cunetas por ambas marxes e ao varrido da superficie do mismo, para logo facer un rebacheo e achega de macadam nos laterais e sobre o camiño existente aplicarase aglomerado asfáltico aproveitando o máximo a súa sección, reponendo a cota rexistros e servidumes existentes, segundo o orzamento descrito.



Este documento está asinado digitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.

### 3º.- Cualificación do contrato

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras de acordo co artigo 13 da LCSP son contratos de obras, entre outros, aqueles que executen a realización dalgún dos traballos enumerados no anexo I, igualmente se considera obra a realización de traballos que modifiquen a forma substancial do terreo ou do seu voo, ou da mellora do medio físico ou natural.

O código de identificación do obxecto do contrato e o seguinte:

Código CPV	Descripción
45233142-6	traballos de reparación de estradas

### 4º.- Xustificación do procedemento

Para os efectos deste contrato e segundo a LCSP a forma de adxudicación do presente contrato será aberto simplificado ( con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática) de conformidade co establecido no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do parlamento europeo e do consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Os contratos por procedemento aberto simplificado con pluralidade de criterios de adxudicación poderán ser utilizados polos órganos de contratación, en consonancia có artigo 159 da LCSP.

#### 4.1.- Cando se cumplen as seguintes condicións:

- a) Que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 2.000.000 de euros no caso de contratos de obras, e no caso de contratos de suministro e de servizos, que o seu valor estimado sexa igual ou inferior a 100.000 euros
- b) Que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non exista ningún available mediante xuízo de valor ou, de existir, a súa ponderación non supere o vinte e cinco por cento do total, salvo no caso de que o contrato teña por obxecto prestacións de carácter intelectual, como os servizos de enxeñería e arquitectura, na que a súa ponderación non poderá superar o corenta e cinco por cento do total
- Para o presente contrato cúmprese por parte do concello có establecido no artigo 159 da LCSP, en relación ao prezo do contrato ( o orzamento do presente contrato de obra é inferior aos 2.000.000,00 de euros) así como cos criterios availables mediante xuízo de valor que non superan o vinte e cinco por cento do total

#### 4.2.- O anuncio de licitación do contrato únicamente precisará da publicación no perfil do contratante do órgano de contratación. Toda a documentación necesaria para a presentación da oferta ten que estar dispoñible por medios electrónicos dende o mesmo día da publicación do anuncio no dito perfil do contratante.



Este documento está asinado digitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



**4.3.-** O prazo para a presentación de proposicións non poderá ser inferior a quince días a contar dende o seguinte a publicación no perfil do contratante do anuncio de licitación. Nos contratos de obras o prazo será como mínimo de vinte días

**4.4.-** O presente contrato non esta suxeito a regulación harmonizada, posto que esta modalidade aplicase aos contratos cuxo valor estimado é inferior á cantidade que figura no artigo 159 da LCSP, en relación co artigo 20 da citada norma.

#### **5.- Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato**

O orzamento base de licitación do contrato é:

- Contía 32.099,24 más 6.740,04 de IVE facendo un total de 38.840,08 euros.

De conformidade co disposto polo artigo 101.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, o valor estimado dos contratos virá determinado polo importe total, sen incluír o imposto sobre o valor engadido, pagadoiro segundo as estimacións do órgano de contratación. Deberase ter en conta o valor global estimado da totalidade dos lote.

Igualmente en consonancia co disposto polo artigo 101.7 da LCSP o valor estimado da obra deberá ter en conta o importe das mesmas así como o valor do suministro necesarios para a súa execución e sempre tendo en conta os prezos do mercado.

#### **Calculo do valor estimado:**

Concepto	Contía
Orzamento execución material	26.974,15.-
Gastos xerais da empresa	3.506,64.-
Beneficio industrial	1.618,45.-
Valor estimado	32.099,24.-

#### **6.- Prazo de execución do contrato**

*O inicio do prazo de execución do contrato comezará coa acta de comprobación do reformulo. Dentro do prazo que se consigne no contrato, que non poderá ser superior a un seis dende a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificados.*

*O prazo de execución do contrato será:*

Data de inicio prevista	15/04/2019
Data final	14/05/2019



Este documento está asinado digitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
**ABEGONDO**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

Duración	30 días
Xustificación duración do contrato	Segundo o proxecto técnico

#### 7- División en lotes

En base ao disposto no artigo 99.3 da Lei 9/2017,de 8 de novembro,de Contratos do Sector Público,pola que se traspasa ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Polo servizo de obras e urbanismo considerase motivos válidos, a efectos de xustificar a non división en lotes do obxecto do contrato, os seguintes:

a) Dificulta a correcta execución do contrato dende o punto de vista técnico, xustificada en que:

- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato non teñen sustantividade propia de maneira que non é posible a súa execución de maneira separada.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato executadas de forma separada sofren menoscabo ou detrimento.
- As prestacións comprendidas no obxecto do contrato son inseparables ou imprescindibles de maneira conxunta.

b) Parece necesario para a correcta execución do contrato procedente da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, xustificada en que:

- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdease a optimización do control da execución global do contrato.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdease a coordinación da execución das prestacións.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato increméntanse os custos de execución pola existencia dunha pluralidade de contratistas diferentes.
- Coa división en lotes do obxecto do contrato pérdease a eficiencia.

c) No presente contrato o concello acorda a non división de lotes do obxecto do contrato segundo o informe do departamento de obras e urbanismo.

#### 8.- Insuficiencia de medios

No catalogo de postos de traballo do Concello de Abegondo, non consta ningunha praza correspondente a persoal municipal para a tender as funcións que require a obra

Tratase de funcións específicas e concretas que difficilmente se poden ser asumidas polo persoal municipal

O concello de Abegondo non dispón dos medios , ( maquinaria, produtos ou elementos auxiliares necesarios) para a



Este documento está asinado digitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Régime Xurídico do Sector Público.



C O N C E L L O  
D E  
**A B E G O N D O**  
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo  
15318 Abegondo  
A Coruña  
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: [www.abegondo.gal](http://www.abegondo.gal)  
sede electrónica: [sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)  
endereço electrónico: [correo@abegondo.es](mailto:correo@abegondo.es)

realización da obra ao tratarse de prestación específicas e concretas, polo que é necesario acudir á contratación externa ao non contar o concello con medios propios.

#### **9.- Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira**

O principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade de financiamento dos compromisos de gasto presente e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial, engloba tanto a débeda financeira, como a débeda comercial.

A este respecto debe sinalarase neste punto en canto á débeda financeira non foi necesario formalizar unha operación de crédito para financiar a contratación referida.

En relación coa débeda comercial os compromisos de gasto xerados por esta contratación permiten cumplir o período medio de pago a provedores.

Por tanto, o estudo de sustentabilidade debe englobar as repercusión e efectos económicos que xerará o contrato proposto, tanto durante a súa execución domo durante toda a vida útil da obra, en base a valoración dos gastos futuros ou colaterais aos que de lugar, entendidos como tales os custos de mantemento, seguros, conservacións, etc.. Para o presente contrato pódese confirmar que os gastos que xerará o contrato así como os gastos futuros (os cales serán simplemente de mantemento durante a vida útil do mesmo, aproximadamente 6 anos) non inciden na estabilidade e sustentabilidade financeira.

O principio de estabilidade orzamentaria, entendido como a capacidade ou necesidade de financiamento en termos orzamentarios, SEC-10, é a diferenza entre os capítulos 1 a 7 do orzamento de ingresos e os capítulos 1 a 7 do orzamento de gastos.

A este respecto debe indicarse que o gasto previsto atopase recollido no orzamento como incorporación, e por tanto, cumple o principio de estabilidade orzamentaria.

Abegondo na data reflexada na marxe  
O alcalde.

José Antonio Santiso Miramontes



Este documento está asinado digitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedimento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.